

APROXIMACIÓN Á XOIERÍA ROMANA EN HISPANIA DENDE OS MONUMENTOS FIGURATIVOS

Por Beatriz PEREIRAS MAGARIÑOS

Departamento de Historia I
Universidade de Santiago

Abstract: The present article is intended to carry out an approach to Hispanic-Roman jewellery. For that purpose we will use one of its main documentary sources: sculptures, paintings and mosaics found in Hispania.

Key words: Jewellery, Gold, Armlet, Necklace, Roman.

Os únicos estudos feitos ata o momento sobre ourivería hispanorromana redúcese a unha serie de artigos nos que se dan a coñecer algunhas pezas ou conxuntos singulares. Neste senso, para o caso de Galicia destacan autores como Blanco Freijeiro (1954, 1957), Filgueira Valverde (1954), Bouza Brey (1961) ou Raquel Casal García (1980, 1983, 1987-1989, 1990, 1992, 1995, 1997, 1998). En Portugal, autores como M. Heleno (1953), E. Avila França (1969) ou José João Rigaud de Sousa (1973), amosaron tamén interese por estudos deste tipo. A. Castellano Hernández (1996, 1997) e M. Almagro Gorbea (1971) publicaron así mesmo algún artigo sobre xoias romanas depositadas no Museo Arqueolóxico Nacional. Sómente R. Casal García (1998) elaborou un estudio de conxunto sobre a ourivería romana en Hispania, recollendo fontes, tipos, características e pezas.

Fora de España, a xoiería romana suscitou estudos xa dende principios de século, podendo salientar, entre outros, os realizados por F. H. Marshall¹, Henkel², G. Becatti³, F. Coarelli⁴, A. Lipinsky⁵, H. Guiraud⁶, R. Higgins⁷, M. Henig⁸, L. Pirzio Biroli Stefanelli⁹ ou C. Johns¹⁰.

¹ MARSHALL, F. H. (1907): *Catalogue of the Finger Rings Greek, Etruscan and Roman in the Departments of Antiquities*, British Museum, Londres, (reedición en 1968 por The Trustees of the British Museum).

(1911): *Catalogue of the Jewellery Greek, Etruscan and Roman in the Departments of Antiquities*, British Museum, Londres.

² HENKEL, F. (1913): *Die römischen Fingerringe der Rheinlande und der benachbarten Gebiete*, Berlín.

³ BECATTI, G. (1955): *Oreficerie antiche dalle minoiche alle barbariche*, Istituto Poligrafico dello Stato, Librería dello Stato, Roma.

⁴ COARELLI, F. (1966): *L'oreficeria nell'arte classica*, Fratelli Fabbri Editori, Milán.

⁵ LIPINSKY, A. (1975): *Oro, argento, gemme e smalti. Tecnologia delle arti dalle origini alla fine del medioevo. 3000 a.C-1500 d.C.*, Leo S. Olschki Editore, Firenze.

⁶ GUIRAUD, H. (1976): «Un aspect de la bijouterie romaine: les bagues serpentiformes», en Pallas, 22, Annales de l'Université de Toulouse, pp. 79-87.

⁷ HIGGINS, R. (1961): *Greek and Roman Jewellery*, Londres (1ª edic.)

(1976): «Jewellery», en STRONG, D. & BROWN, D. (Eds.) *Roman crafts*, Dukworth, Londres.

⁸ HENIG, M. (1981): «Continuity and change in the design of the roman jewellery», en KING, A. & HENIG, M. (Eds.) *The Roman west in the Third Century*, British Archaeological Reports, CIX, I, pp. 127-143.

⁹ PIRZIO BIROLI STEFANELLI, L. (1992): *L'oro dei romani. Gioielli di età imperiale*, «L'Erma» di Bretshneider, Roma.

¹⁰ JOHNS, C. (1996): *The jewellery of Roman Britain. Celtic and Classical traditions*, UCL Press, Londres.

A xeito de breve introducción ás características da xoiería romana, dicir que nela dase unha variedade de influencias combinadas de culturas predecesoras, destacando fundamentalmente a helenística e, en menor medida, a etrusca. Os ourives romanos van a herdar unha tradición nada en Grecia e en Oriente, recollendo aspectos formais e técnicos, aínda que sen chegar á altura dos seus predecesores gregos e etruscos. Non se pode falar dunha ourivería romana ata o último século da República (COARELLI, 1966), momento no que se retoma a tradición etrusca e helenística. O gosto romano está máis preto da primeira, coa preferencia polas superficies lisas e esféricas, pola simplicidade, o abandono da técnica miniaturista e o gusto polas pedras de vivas cores, aínda que, no tocante ós tipos de xoias, os ourives romanos adoptarán con máis frecuencia os helenísticos, como os nós hercúleos (*nodus herculeus*), as lúnulas, os brazaletes e aneis serpentiformes ou os aneis helenísticos de estilo simple, con pedra engastada nun aro finamente perfilado. No Alto Imperio faise máis salientable un gusto cada vez máis difundido pola ostentación de riqueza. A partir de finais do século II e, sobre todo, do século III d.C., vaise producir na ourivería romana unha metamorfosis. Nalgunhas provincias, como Exipto, Siria ou a Galia, prodúcese un rexurdimento dos sentimentos nacionais, o que leva á adopción das formas anticlásicas, sobre todo da expresión artística oriental, que acabou infiltrándose profundamente no mundo romano. É tamén nestes momentos cando comeza a propagarse con rapidez o chamado elemento «bárbaro» (COARELLI, 1966), con grande difusión na ourivería romana, visible, sobre todo, no emprego de pedras, xemas e pasta vítrea polícroma, valoradas unicamente pola súa cor, namentres que o ouro vaise reducindo a unha simple montura. As formas tórnanse máis ricas e vistosas por mor dun crecente gusto polo luxo e a fastuosidade. Os derradeiros vestixios da tradición helenística vanse disolvendo cada vez máis e a produción en serie irá substituíndo á tradición e imaxinación artesana (COARELLI, 1966). Exemplo disto témolo no recurso, cada vez máis frecuente, á moeda como ornamento de xoias. Estas xoias monetais, típicas do Baixo Imperio, levaban engastadas ou estampadas sobre láminas áureas moedas de ouro, verdadeiras (xeralmente non se empregaban os áureos en curso, senon os máis antigos) ou reproducións, sendo moi comúns sobre todo nos séculos III e IV d.C. Atopamos así moedas nos pendentes, colgantes, brazaletes ou alfinetes. Nembargantes, aparecen aínda elementos, técnicas e expresividades novas nestes momentos, destacando fundamentalmente a técnica chamada *opus interrasile*, decoración calada que aparece xa a finais do século II d.C. pero que coñeceu a súa maior difusión a partires do século III d.C., caracterizando á xoiería romana do Baixo Imperio xunto co abuso do repuxado e a xoiería monetar (CASAL GARCÍA, 1998).

En canto ós tipos de xoias existentes no mundo romano, estes inclúen unha grande variedade de pendentes, colares, brazaletes, pulseiras, aneis e adornos do cabelo (tocados, retículas áureas e alfinetes).

Xunto co material conservado e as fontes literarias e epigráficas, as repre-

sentacións de homes, mulleres ou divindades en escultura, pintura ou mosaicos adornados con algún tipo de xoia supoñen unha fonte documental fundamental para o coñecemento, non só dos tipos de xoias de moda en cada momento e lugar do Imperio romano, senon que tamén ilustran o xeito no que estas pezas eran levadas sobre o corpo. Fora de Hispania, os monumentos figurativos máis importantes para o coñecemento da xoiería romana son os relevos funerarios de Palmira (Siria), datados entre os séculos II-III d.C., nos que se representan bustos de difuntos (masculinos e femininos) esculpidos cos seus vestidos máis luxosos e as súas xoias máis vistosas; as estatuas de divindades (Venus, Mercurio, etc) en bronce ou en mármol, con verdaderas xoias de ouro (por ex. a Venus de Pompeya), ou xoias pintadas sobre o mármol; as pinturas de Pompeya, fonte determinante para coñecer a colocación de certos tipos de xoias, como a longa cadea áurea que rodea o corpo, e os retratos de homes, mulleres e nenos sobre madeira das necrópolis de Exipto, en particular a de El Fayum (que dá nome a toda a serie), datados entre os séculos I-IV d.C.

En Hispania, son relativamente numerosas as representacións escultóricas e musivarias, maiormente de mulleres, lucindo algún tipo de xoia, sendo moito menos abondosas as representacións pictóricas.

No tocante á escultura, as xoias máis frecuentemente representadas son as diademas, xeralmente como atributos de figuras de divindades, polo que non se pode considerar como un tipo de xoia de uso frecuente entre homes e mulleres romanos. Adoitan ser estas diademas altas, lisas e sen ningún tipo de ornamento, con excepción do bordo superior, que pode ir remarcado. Entre os numerosos exemplos, podemos destacar unha cabeza feminina diademada, pertencente probablemente a Hygea e procedente da vila romana do Camino Viejo de las Sepulturas, hoxe no Museo de Albacete, cunha diadema cuio bordo superior remata en sete pequenas puntas (s. II d.C.) (NOGUERA CELDRÁN, 1994:61-64, Láms. 10-11); as esculturas de Isis (RICARD, 1923:61, Lám. XXXI), Hera (RICARD, 1923:78, Lám. LI) e unha dama romana (RICARD, 1923:67, Lám. XXXIX) depositadas no Museo do Prado, a primeira cunha diadema lisa pegada á cabeza, a segunda cunha diadema alta e a terceira cunha diadema alta decorada co relevo dunha folla de loureiro; a Diana cazadora de Itálica, actualmente no Museo Arqueolóxico de Sevilla e datada na época adrianea ou antoniniana, cunha diadema alta e lisa con rebordo recortado (GARCÍA Y BELLIDO, 1960:149-150, Lám. XL); a cabeza dunha divindad con diadema alta semicircular procedente da vila de «Els Munts», Altafulla, Tarragona, e datada no século II d.C. (KOPPEL, 1993:222, Lám. I,2); a colosal cabeza feminina depositada no Museo de Málaga, cunha diadema alta sen decoración (BAENA DEL ALCÁZAR, 1984:149-152, Lám. 33); ou as dúas cabezas con diadema lisa pegada á cabeza e velo depositadas no mesmo museo ca anterior (BAENA DEL ALCÁZAR, 1984:153-158; Láms. 34-35).

Os aneis representados xeralmente son sinatorios, coma no caso da metade anterior da man esquerda, procedente da colección Salamanca e hoxe no Museo Arqueolóxico Nacional, cun anel-selo no dedo índice (A.A.V.V.,

1883:191, nº 2798); unha man esquerda procedente de Mérida e depositada no mesmo museo ca anterior, cun anel-selo no dedo anular (A.A.V.V., 1883:191, nº 2802); ou unha man e antebrazo da colección Salamanca e actualmente no Museo Arqueolóxico Nacional, cun anel-selo no dedo anular (A.A.V.V., 1883:190, nº 2791).

Tamén os colares, aínda que en menor medida, aparecen representados decorando o pescozo ou o peito das figuras escultóricas, como por exemplo o torso de Togatus tardorrepublicano con bulla (fig.1), procedente do Cerro de los Santos e de localización actualmente descoñecida (NOGUERA CELDRÁN, 1994:126-128, Lám. 56), cun colar de dobre cordón do que pende una bulla circular na que semella que se labrou unha especie de roseta de catro pétalos, (probablemente, mediados do século II a.C.); a figura dun mancebo con bulla e toga praetexta, probablemente da época flavia e procedente de Baena (A.A.V.V., 1954:40); a estatuíña de bronce de Neptuno, do século I d.C., procedente de «El Cueto», nas cercanías de Flaviobriga (Castro Urdiales, Cantabria) e actualmente no Museo Rexional de Prehistoria e Arqueoloxía de Cantabria, a cal leva colgada ó pescozo unha lúnula de cobre (ARCE, ENSOLÍS & LA ROCCA, 1997:408, Lám. 213); a figura de Mercurio, da colección Miró e actualmente no Museo Arqueolóxico Nacional, con dúas anelas de prata, unha no pescozo e outra no brazo dereito (A.A.V.V., 1883:211, nº 2882); ou unha figura de Victoria, procedente da colección Salamanca e actualmente no Museo Arqueolóxico Nacional, engalanada, ademáis de cunha diadema, cun adorno de fíos de contas grosas que se unen no centro do peito e da espalda, ata as cadeiras (A.A.V.V., 1883:208, nº 2861).

Como único exemplo de representación escultórica de xoias coñecido en Galicia ata a data, destaca a estela monumental de Crecente (Lugo), actualmente no Museo Provincial de Lugo e datada na primeira metade do século I d.C. (RODRÍGUEZ COLMENERO & CARREÑO GASCÓN, 1997:274-279). Poden verse nesta estela catro figuras en altorrelevo, unha masculina, dúas femininas e unha infantil (non está moi claro se é masculina ou feminina). As figuras femininas levan no pescozo un colar de perlas ou abalorios e aros ou pulseiras nos pulsos. A figura infantil porta á súa vez unha pulseira no pulso dereito e un colar no pescozo do mesmo estilo cos anteriores.

Destacamos tamén dous relevos de bacantes: unha durmida, atopada na necrópolis romana de Carmona (Sevilla), a cal luce pulseiras nos seus brazos e pulsos e axorcas nos nocellos (BENDALA GALÁN, 1976:118, Lám. LXXVII,3), e outra de procedencia descoñecida e depositada no Museo do Prado (fig.2) que leva nos pulsos un brazaletes serpentiforme, (aprox. primeira metade do s.I d.C.) (BLANCO & LORENTE, 1969:34, Lám. 5).

As representacións de xoias nos mosaicos hispanorromanos son máis numerosas e variadas que nas obras escultóricas. Atopámonos así con figuras femininas adornadas con colares (o tipo máis representado), brazaletes, pulseiras, diademas e, en menor medida, pendentes.

Os colares son, polo xeral, sinxelas cadeas casi pegadas ó pescozo e, ás veces, formas máis elaboradas, con pedras preciosas engastadas ou en forma



FIGURA 1: Togatus con bulla (Noguera Celdrán, 1994).



FIGURA 2: Relevo de Bacante (Blanco & Lorente, 1969).

de contas. Podemos citar, como exemplos, os seguintes mosaicos: mosaico de Euterpe (ARCE, ENSOLÍS & LA ROCCA, 1997:434, nº 266) e mosaico de Mnemosine (ARCE, ENSOLÍS & LA ROCCA, 1997:435, nº 267) (ámbolos dous do terceiro cuarto do s.II d.C.), procedentes da vila de Els Munts (Altafulla, Tarragona), e actualmente no Museo Nacional Arqueolóxico de Tarragona, no que ambas figuras adórnanse cun sinxelo e fino colar pegado ó pescozo; o mosaico Cósmico da casa do Mitreo (Mérida, mediados do s.II d.C.), no que varias figuras femininas, como a representación da Natura, portan un ou dous colares sinxelos rodeando o pescozo (BLANCO FREIJEIRO, 1978:14 y ss., Láms.35,36,39).; o mosaico do Xuizo de Paris, procedente de Casariche (Sevilla), no que unha figura feminina, ademáis de brazaletes e pulseiras, leva unha cadea da que colga un gran medallón circular (SAN NICOLÁS PEDRAZ, 1990:396-398, (Fig.5); cadro con Aquiles en Scyros, no mosaico da habitación VIII da vila de La Olmeda, Pedrosa de la Vega (Palencia) (fig.3), no que se ven varias figuras femininas con brazaletes, pulseiras, e dous vistosos colares con grandes pedras engastadas (GUARDIA PONS, 1992:149-156, Figs. 58-64); mosaico Océánico da habitación VI da vila de Dueñas (Palencia) (fig.4), no que unha nereida porta dous colares, un máis corto e outro máis longo, formado por contas que alternan de cor e un colgante cadrangular, probablemente unha pedra preciosa engastada (GUARDIA PONS, 1992:158-163, Figs. 72,74); ou o mosaico baixoimperial de medallón co busto da Abundantia, procedente da vila dos Quintanares (Rioseco, Soria), no que a figura porta, entre outras xoias, un colar cun colgante con pedra engastada circular. (BLÁZQUEZ & ORTEGO, 1983:16-19, Lám. 1).

Entre os brazaletes, a forma máis común é a anular pechada de sección circular ou laminar, levados sobre a parte superior dun brazo, de ámbolos dous ou no antebrazo, ás veces de dous en dous. Exemplos témolos no: mosaico de Heracles e Megara, procedente da vila de Torre de Palma (Monforte do Alentejo, Portugal), probablemente da primeira metade do s.IV d.C., no que a figura feminina adorna o seu brazo cun par de brazaletes sinxelos circulares e dous pares de pulseiras, un en cada pulso (KUZNETSOVA-RESENET, 1989:205-221, Lám. V); mosaico de Polifemo e Galatea, atopado na Plaza de la Corredera, en Córdoba, e conservado no Alcázar de los Reyes Cristianos de Córdoba, no que Galatea porta un colar, unha pulseira e dous brazaletes anulares (data aprox. do ano 200 d.C.) (BLÁZQUEZ, 1981:13-17, Lám. 81); mosaico de Dueñas (Palencia), no que se representa a Oceanus e dúas nereidas cabalgando sobre un touro e un tigre marinos, e no que unha das nereidas leva dous brazaletes anulares sinxelos (un claro e outro escuro) na parte superior do brazo (GUARDIA PONS, 1992:158-163, Figs.72 y 74). Un exemplo dun brazaletes máis coidado e ornamentado témolo no mosaico baixoimperial da vila de Los Quintanares, no término de Rioseco (Soria), no que se representa un medallón co busto da Abundantia, quen porta unha pulseira e un brazaletes idénticos, de sección laminar e decorados con figuras romboidales (BLÁZQUEZ & ORTEGO, 1983:16-19, Lám. 1). Nalgúns casos, os brazaletes semellan estar formados por contas, coma no caso do xa referido mosaico Cósmico, atopado na casa do Mitreo (Mérida),



FIGURA 3: Vila de La Olmeda. Aquiles en Scyros (Guardia Pons, 1992).



FIGURA 4: Vila de Dueñas. Cadro Oceánico (Guardia Pons, 1992).



FIGURA 5: Quintana del Marco. Hyla e as Ninfas (Blázquez et alii, 1993).

no que a figura feminina da representación do Océano se adorna con este tipo de brazaletes (BLANCO FREIJEIRO, 1978:14 e ss., Lám. 39).

As diademas tamén están presentes nas representacións de divindades nos mosaicos, atopándonos con formas que van dende o máis sinxelo ata formas máis elaboradas. Citaremos como exemplos o mosaico baixoimperial de Venus e Eros, procedente da vila Fortunatus de Fraga (Huesca), no que Venus se adorna cun brazaletes, un ancho colar ou pectoral, pendentes e unha diadema de perlas (FERNÁNDEZ-GALIANO RUÍZ, 1987:89-93, Lám. XXXIX); mosaico das Tres



FIGURA 6: Pintura de Arva (Abad Casal, 1979).

Gracias, de Barcino, actualmente no Museo Arqueolóxico de Barcelona, no que as tres figuras femininas aparecen tocadas con sinxelas diademas (GUARDIA PONS, 1992:47-48, Fig.10); o mosaico baixoimperial de Hylas e as Ninfas, procedente de Quintana del Marco (León) (fig.5), no que se representan tres figuras femininas con finas e elaboradas diademas, ademáis de con brazaletes e colares de contas (BLÁZQUEZ et alii, 1993:34-36, Láms. 11,32,33); o mosaico tardío con emblema procedente da vila romana de Santervás del Burgo (Fuentearmegil, Soria), no que se representa o busto dunha muller cunha diadema de pedrería e unha grande xoia central sobre a fronte, ademáis de con numerosos colares (BLÁZQUEZ & ORTEGO, 1983:42-44, Lám. 18); ou o mosaico do Triunfo de Baco (siglo III d.C.), procedente de Écija (Sevilla) e hoxe depositado no Museo Arqueolóxico Provincial de Sevilla, no que Ariadna leva unha especie de diadema de perlas (BLÁZQUEZ, 1982:13-19, Láms. 1-2, 38-39).

As pulseiras e pendentes aparecen en menor medida. Exemplos das primeiras xa foron referidos anteriormente: mosaico de Los Quintanares en Soria; mosaico do Xuizo de Paris en Casariche (Sevilla); mosaico de Heracles e Megara na vila de Torre de Palma (Monforte do Alentejo, Portugal); mosaico de Polifemo e Galatea de Córdoba; mosaico de Venus e Eros de Fraga (Huesca); mosaico de Aquiles en Scyros, na habitación VIII da vila de La Olmeda (Palencia); mosaico Cómico da casa do Mitreo (Mérida). Son maioritariamente pulseiras de formas sinxelas, de sección circular e de aro estreito. A representación de mulleres adornadas con pendentes é máis escasa, podendo nomear os

exemplos da vila de El Hinojal (Mérida), con mosaicos da época constantiniana, nos que dúas figuras femininas da habitación II portan pendentes de forma oval (BLANCO FREIJEIRO, 1978:49 y ss., Láms. 97-98); e de Arróniz (Navarra), onde se representa unha muller (compartimento VI) con coroa de cor branca e azul e uns pendentes en forma de boliñas (BLÁZQUEZ & MEZQUIRIZ, 1985:19-20, Lám. 10).

Queremos salientar un mosaico baixoimperial atopado no triclinum da vila romana de Rabaçal, Penela (Coimbra), por representar o busto dunha muller (posiblemente alegoría da Abundancia) ataviada cun fino colar do que semellan pedras preciosas de cores, unha decorativa diadema ou tocado no cabelo formado por contas de cores cunha pedra engastada central e uns pendentes ou adornos do cabelo de forma cadrangular cunha esfera en cada ángulo (PES-SOA, 1991:116, Fig. 4).

En canto ás representacións pictóricas, son realmente escasas as que inclúen algún tipo de xoia, podendo citar a pintura dunha loita entre un sileno e unha ménade, quen porta un colar fino, procedente da cidade romana de Arva (Sevilla) (fig.6) (ABAD CASAL, 1979:98-99); e a figura dunha muller portando axorcas de ouro cunha serie de boliñas nos nocellos, ademáis dun colar de ouro cunha esmeralda engastada e unha pulseira de ouro, procedente da estancia absidiada «F» da Casa Basílica de Mérida (MOSTALAC CARRILLO, 1997:589-590, Fig. II).

Vemos, pois, que as representacións de xoias nos monumentos figurativos hispanorromanos concéntranse fundamentalmente nas zonas e cidades máis romanizadas de Hispania e que son o suficientemente numerosas como para constituírse nunha fonte fundamental para o coñecemento da xoiería hispanorromana. Entre ditos monumentos destacan sobre todo os mosaicos, onde as xoias representadas son máis numerosas e presentan unha maior variedade. Os exemplos de xoias en esculturas encádranse nunha cronoloxía altoimperial, fundamentalmente no século II d.C., namentres que a maior parte dos exemplos pictóricos e musivarios datan do Baixo Imperio. No que respecta ós tipos de xoias, atopámonos con que os máis representados son os colares e os brazaletes, seguidos de pulseiras e diademas, fronte a unha práctica ausencia de pendentes e axorcas. Os anelos parece que únicamente aparecen en exemplos escultóricos. Os colares, xoias máis representadas nos mosaicos, abundantes na escultura e con algún exemplo en pintura, son xeralmente sinxelas cadeas pegadas ó pescozo, con ou sen colgante (bullae, lúnulas, pedras engastadas), colares con pedras engastadas ou colares formados por contas. A miúdo, as figuras representadas levan máis dun colar, frecuentemente de lonxitudes distintas (uns pegados ó colo e outros á altura do peito). Queremos salientar a descrición feita dun colar portado por unha Victoria de bronce do Museo Arqueolóxico Nacional: «(...) hasta las caderas lleva un adorno de hilos de cuentas gruesas que se unen en el centro del pecho y de la espalda» (A.A.V.V., 1883:208, nº 2861), xa que nos leva a pensar que se trata dunha cadea de corpo, coñecida en outras partes do Imperio, aínda que foi o único testemuño atopado en Hispania deste tipo de colar. Os exemplos abarcan todo o Imperio. Os brazaletes e pulseiras, con exemplos escultóricos, pictóricos e sobre todo musivarios, son, xeralmente, simples aros

estreitos pechados de sección circular ou laminar, frecuentemente levados de dous en dous, aínda que tamén aparece algún exemplo de brazaletes serpenti-forme (BLANCO & LORENTE, 1964:34, Lám. 5). Contamos con exemplos para todo o Imperio. As diademas, o tipo máis representado en escultura e un dos máis comúns en mosaicos, presentan dúas formas fundamentais: diademas altas e lisas, sen decoración ou co bordo remarcado, e as diademas sinxelas pegadas á cabeza, en forma de cinta ou formadas por contas ou perlas. Con exemplos que abarcan todo o Imperio. Os pendentes unicamente foron atestiguados nos mosaicos, sendo estes aparentemente esferas ou semiesferas de forma lixeiramente alongada. A cronoloxía destes exemplos é baixoimperial. En canto ós aneis e axorcas, dicir que os primeiros, aneis-selo na súa totalidade, aparecen representados en esculturas (sen cronoloxía especificada), namentres que exemplos de axorcas unicamente apareceron nunha pintura baixoimperial de Mérida (MOSTALAC CARRILLO, 1997:589-590, Fig.II) e nun relevo dunha Bacante (BENDALA GALÁN, 1976:118, Lám. LXXVII, 3).

Os monumentos figurativos amósannos só unha visión parcial da xoiería hispanorromana. Compre, por elo, levar a cabo un estudio exhaustivo do tema, coa recollida da totalidade das xoias hispanorromanas e o seu estudio sistemático, así como o recurso ás fontes literarias e epigráficas, co fin de chegar a conclusións de tipo técnico, estilístico, tipolóxico, cronolóxico, etc. Todo elo permitiríanos chegar a un nivel de coñecemento máis elevado do mundo hispanorromano, aportando unha maior información en canto a grados de romanización das diversas provincias, pervivencia de tradicións de ourivería anteriores, núcleos de produción de xoiería en Hispania, relacións comerciais ou culturais con outras áreas do Imperio ou aspectos sobre a sociedade e a economía hispanorromana.

Agradecementos: Gracias á Prfa. R. Casal García pola corrección do texto, a F. Pereiras Magariños pola axuda informática, a M. Pereiras Ferreiro e M. Magariños Fidalgo pola axuda lingüística e a M. Rodríguez Calviño pola súa axuda na elaboración das ilustracións fotográficas.

BIBLIOGRAFÍA

- A.A.V.V.(1883): Catálogo del Museo Arqueológico Nacional, Sección Primera, Tomo I, Madrid.
- A.A.V.V.(1954): Museo Arqueológico Nacional, Guía de los Museos de España I, Publicaciones de la Dirección General de Bellas Artes, Madrid.
- ABAD CASAL, L.(1979): Pinturas romanas en la provincia de Sevilla, Arte Hispalense, Excma. Diputación Provincial de Sevilla, Sevilla.
- ALMAGRO GORBEA, M.J.(1971): «Lote de joyas orientalizantes y romanas ingresadas en el Museo Arqueológico Nacional», en Trabajos de Prehistoria, núm.28, pp. 349-358.
- ARCE, J., ENSOLÍS, S. & LA ROCCA, E.(1997): Hispania Romana: desde tierra de conquista a provincia del Imperio, (exposición), Palazzo delle esposizioni, Electa, Madrid.
- ÁVILA FRANÇA, E.(1969): «Aneis, braceletes e brincos de Conimbriga», en Conimbriga, vol.VIII, pp. 17-64.
- BAENA DEL ALCÁZAR, L.(1984): Catálogo de las esculturas romanas del Museo de Málaga, Biblioteca Popular malagueña, Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial de Málaga.
- BECATTI, G.(1955): Oreficerie antiche dalle minoiche alle barbariche, Instituto Poligrafico dello Stato, Roma.
- BENDALA GALÁN, M.(1976): La necrópolis romana de Carmona (Sevilla), I y II, Sevilla.
- BLANCO FREIJEIRO, A.(1957): «Joyas Antiguas de la Colección Calzadilla», en Archivo Español de Arqueología, vol. XXX, nº 95, Primer semestre, pp. 193-204.
- BLANCO FREIJEIRO, A.(1978): Mosaicos romanos de Mérida, en Corpus de mosaicos romanos de España, fascículo I, Instituto español de Arqueología «Rodrigo Caro» del CSIC, Madrid.
- BLANCO, A. & LORENTE, M.(1969): Catálogo de la Escultura, Museo del Prado, Madrid.
- BLÁZQUEZ, M.A.(1981): Mosaicos romanos de Córdoba, Jaén y Málaga, en Corpus de mosaicos de España, fascículo III, Instituto español de Arqueología «Rodrigo Caro» del CSIC, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M.(1982): Mosaicos romanos de Sevilla, Granada, Cádiz y Murcia, Corpus de mosaicos de España, fascículo IV, Instituto español de Arqueología «Rodrigo Caro» del CSIC, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M. & ORTEGO, T.(1983): Mosaicos romanos de Soria, en Corpus de mosaicos de España, fascículo VI, Instituto español de Arqueología «Rodrigo Caro» del CSIC, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M. & MEZQUIRIZ, M.A.(1985): Mosaicos romanos de Navarra, en Corpus de mosaicos de España, fascículo VII, Instituto español de Arqueología del CSIC, Madrid.
- BLÁZQUEZ, J.M. et alii (1993): Mosaicos romanos de León y Asturias, en Corpus de Mosaicos de España, fascículo X, CSIC, Centro de Estudios Históricos, Departamento de Historia Antigua y Arqueología, Madrid.
- BOUZA BREY, F.(1961): «El tesoro romano de Deiro», en Cuadernos de Estudios Gallegos, T. XVI, fascículo 50, pp. 259-263.
- CASAL GARCÍA, R.(1980): «Pedras de anelo do noroeste peninsular», en Gallaecia, núm. 6, pp. 101-110.
- (1983): «Anillo de bronce romano de Allariz, (Ourense)», en Boletín Auriense, T. XIII, pp. 69-74.

- (1987-89): «Uso y significado de las gemas en el mundo romano», en *Gallaecia*, núm. 9/10, pp. 149-156.
- (1990): «Joyas con gemas a través de la epigrafía romana de Hispania», en *Gallaecia*, núm. 12, pp. 191-195.
- (1992): «Anel das Illas Cíes, Anel do río Sil, Anel da Lanzada, Anel do tesouro de San Rosendo», en *Galicia no Tempo*, Santiago de Compostela, pp. 154-157.
- (1995): «Anillos y gemas romanos en Galicia», en *Monografías*, núm. 7, pp. 203-214.
- (1997): «Las joyas y adornos romanos en Galicia», en *Galicia. Terra Unica*, Lugo, pp. 267-273.
- (1998): «La joyería», en *Hispania. El legado romano*, La Lonja-Zaragoza, Septiembre-
Noviembre 1998, Ayuntamiento de Zaragoza, Ministerio de Educación y Cultura, Iber-
Caja, Zaragoza, pp. 337-342.
- CASTELLANO HERNÁNDEZ, A.(1996): «Joyas de La Alcudia de Elche en la colección de
orfebrería romana del Museo Arqueológico Nacional», en *Boletín del Museo
Arqueológico Nacional*, T. XIV, pp. 55-62.
- (1997): «Joyas romanas de Pollentia (Alcudia, Mallorca) en el Museo Arqueológico
Nacional», en *Boletín del Museo Arqueológico Nacional*, T. XV, nº 1 y 2, pp. 121-128.
- COARELLI, F.(1966): *L'oreficeria nell'arte classica*, Fratelli Fabbri Editori, Milan.
- FERNÁNDEZ-GALIANO RUÍZ, D.(1987): *Mosaicos romanos del Convento
Cesaraugustano*, Zaragoza.
- FILGUEIRA VALVERDE, J. & BLANCO FREIJEIRO, A.(1954): «El Tesoro Bedoya», en
Cuadernos de Estudios Gallegos, núm. 28, pp. 161-180.
- GARCÍA Y BELLIDO, A.(1960): *Colonia Aelia Augusta Italica*, Bibliotheca Archaeologica
II, Instituto Español de Arqueología, CSIC, Madrid.
- GUARDIA PONS, M.(1992): *Los mosaicos de la antigüedad tardía en Hispania*, Estudios
de Iconografía, PPU, Barcelona.
- HELENO, M.(1953): «O tesouro da Borrallheira (Teixoso)», en *O Arqueólogo português*,
Nova Serie, II, pp. 213-226.
- HIGGINS, R.(1976): «Jewellery», en STRONG, D. & BROWN, D. (eds.), *Roman crafts*,
Dukworth, Londres, pp. 53-62.
- JOHNS, C.(1996): *The Jewellery of Roman Britain. Celtic and Classical traditions*, UCL
Press, London.
- KOPPEL, E. M.(1993): «La escultura del entorno de Tarraco: las villae», en NOGALES
BASARRATE, T.(coord.), *Actas de la I reunión sobre escultura romana en Hispania*,
Ministerio de Cultura, pp. 221 y ss.
- KUZNETSOVA-RESENDET, T.(1989). «O Mosaico con motivos báquicos de Torre de
Palma: tentativa de interpretação», en *Conimbriga*, T.XXVIII, pp. 205-221.
- LIPINSKY, A.(1975): *Oro, argento, gemme e smalti. Tecnologia delle arti dalle origini alla
fine del medioevo. 3000 a.C.-1500 d.C.*, Leo S. Olschki Editore, Firenze.
- MARSHALL, M.A.(1968): *Catalogue of the Finger Rings Greek, Etruscan and Roman in
the Departments of Antiquities, British Museum*, reeditado por The Trustees of the
British Museum, (1ª edición de 1907).
- MOSTALAC CARRILLO, A. (1997): «El programa pictórico de la estancia absidiada «F»
de la Casa Basílica de Mérida», en *La Hispania de Teodosio*, vol. 2, pp. 581-603.
- NOGUERA CELDRÁN, J.M.(1994): *La escultura romana de la provincia de Albacete
(Hispania Citerior- Conventus Carthaginensis)*, Instituto de Estudios Albacetenses de
la Excm. Diputación de Albacete.
- PESSOA, M.(1991): «Villa romaine de Rabaçal, Penela (Coimbra-portugal): Realités et
perspectives», en *Conimbriga*, vol. XXX, pp. 109-119.

- PIRZIO BIROLI STEFANELLI, L.(1992): L'oro dei romani. Gioielli di età imperiale, «L'Erma» di Bretschneider, Roma.
- RICARD, R.(1923): Marbres antiques du Musée du Prado a Madrid, Bibliotheque de L'Ecole des hautes études hispaniques, Fascicule VII, Paris.
- RIGAUD DE SOUSA, J. J.(1973): «Aneis e entalles de zona portuguesa do convento bracaraugustano», en Cuadernos de Estudios Gallegos, T. XXVIII, fasc. 85, pp. 188-192.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. & CARREÑO GASCÓN, C.(1997): «La estela monumental de Crecente», en Galicia. Terra Única. Galicia castrexa e romana, Lugo, pp. 274-279.
- SAN NICOLÁS PEDRAZ, M.P.(1990): «La iconografía de Venus en los mosaicos hispanos», en VI Coloquio Internacional sobre mosaico Antiguo. Palencia-Mérida 1990, Asociación Española del Mosaico, Guadalajara, pp. 393-406.